

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de
comezar a responder:**

*Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a
responder:*

Nome e apelidos

Nome e apelidos

DNI:

Sinatura:

Firma:

Exame de obtención do Certificado de Aptitude Profesional (CAP)


Viaxeiros

03/11/2021

10:00 H

-GALEGO-

MODELO A



**Dele la vuelta al cuaderno
para disponer del examen en
CASTELLANO**

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

1. A quen corresponde a vixilancia dos vultos de man no interior dun autobús?

- a) Ao viaxeiro, exclusivamente.
- b) Ao viaxeiro e ao condutor, indistintamente.
- c) Ao condutor, exclusivamente.
- d) Ao transportista.

2. A importancia do transporte deriva:

- a) da súa achega directa ás cifras de produción.
- b) da súa achega directa ás cifras de emprego.
- c) do papel que desempeña para facilitar a mobilidade das persoas.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

3. A licenza comunitaria para transporte de viaxeiros outórgase aos transportistas españois que a soliciten e cumpran uns requisitos. Cal é o seu prazo de validez?

- a) 5 anos.
- b) 3 anos.
- c) 2 anos.
- d) Non ten prazo de validez.

4. Como regra xeral, o transporte escolar prestarase con autobuses que non superen a antigüidade de:

- a) dez anos.
- b) vinte anos.
- c) oito anos.
- d) dezaioito anos.

5. En España, os contratos de concesión de servizos públicos de transporte regular de uso xeral outórganse:

- a) en réxime de non exclusividade.
- b) en réxime de exclusividade.
- c) de forma indistinta, en réxime de exclusividade ou de non exclusividade.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

6. Na declaración amigable de accidentes é imprescindible:

- a) facer constar sempre a data e hora do accidente.
- b) identificar o lugar do accidente mediante rúa ou vía e poboación.
- c) anotar a matrícula dos vehículos implicados.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

7. Por modos de transporte, o transporte por estrada en España é:

- a) o máis relevante.
- b) o máis irrelevante.
- c) igual de importante que o transporte por ferrocarril e metro.
- d) menos importante que o transporte por barco.

8. As normas especiais sobre transporte de menores en autobús son aplicables aos transportes públicos regulares de uso especial de escolares por estrada cando, polo menos, a terceira parte dos alumnos transportados tivera unha idade inferior a:

- a) doce anos no momento en que comezou o correspondente curso.
- b) catorce anos no momento en que comezou o correspondente curso.
- c) dezaseis anos no momento en que comezou o correspondente curso.
- d) dezaioito anos no momento en que comezou o correspondente curso

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

9. A masa dun vehículo, co seu equipo fixo autorizado, sen persoal de servizo, pasaxeiros nin carga e coa súa dotación completa de auga, combustible, lubricante, repostos, ferramentas e accesorios necesarios, como se denomina?

- a) Tara.
- b) Masa de cálculo de resistencia.
- c) Masa radial.
- d) Masa máxima do conxunto.

10. Que é a masa máxima autorizada?

- a) É a masa máxima por eixo baseada na súa construción e especificada polo fabricante.
- b) É a masa máxima dun eixo ou grupo de eixos con carga para a utilización en circulación polas vía públicas.
- c) É a masa que se alcanza con aceleración máxima.
- d) É a masa máxima para a utilización dun vehículo con carga en circulación polas vía públicas.

11. En España as empresas de autobuses propietarias de 2 a 20 vehículos, que forma adoitan adoptar?

- a) Sociedades laborais.
- b) Autónomos.
- c) Sociedades anónimas.
- d) Sociedades de responsabilidade limitada.

12. O transporte produce un efecto arrastre importante noutros sectores, especialmente en:

- a) a venda de vehículos.
- b) a saúde pública (servizos de ambulancia).
- c) a investigación científica.
- d) as artes.

13. Buscar operacións de transporte nunha empresa dedicada a este fin é función propia do:

- a) xerente.
- b) comercial.
- c) xefe de tráfico.
- d) condutor.

14. Supervisar o acceso dos viaxeiros é unha función propia do:

- a) xerente.
- b) condutor.
- c) xefe de tráfico.
- d) comercial.

15. No transporte internacional de viaxeiros dentro da Unión Europea:

- a) os servizos regulares necesitan unha autorización específica.
- b) os servizos regulares están liberalizados dentro da Unión Europea.
- c) necesariamente teñen que participar empresas nacionais dos países en tránsito.
- d) é obrigatoria unha folla de roteiro para os servizos regulares.

16. Cal será o período de vixencia do permiso de conducir da clase D dun condutor que o renova con 47 anos en condicións normais?

- a) Como máximo 5 anos.
- b) Como máximo, 3 anos.
- c) Como máximo, 2 anos.
- d) Como máximo, 10 anos.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

17. O transporte discrecional de viaxeiros en autobús é aquel que se presta:

- a) sen reiteración de itinerario, calendario e horario.
- b) con reiteración de itinerario, calendario e horario.
- c) con reiteración de itinerario, pero non de calendario.
- d) con reiteración de calendario, pero non de itinerario.

18. Nunha empresa de transporte de viaxeiros, cales son as funcións dun director xeral ou xerente?

- a) Planificación, dirección e coordinación.
- b) Negociación e representación da empresa.
- c) Adoptar as decisións estratéxicas.
- d) Todas as respostas son correctas.

19. As mulleres ocupadas no sector do transporte en España representan en torno ao:

- a) 5% do total do sector.
- b) 15% do total do sector.
- c) 25% do total do sector.
- d) 35% do total do sector.

20. Cales son as funcións propias do xerente dunha empresa de transporte de viaxeiros en autobús?

- a) Conducir os vehículos, se falta algún condutor.
- b) Arquivar a documentación da empresa.
- c) Planificar as actividades e representar á empresa.
- d) Ningunha das anteriores.

21. Quen debe informar os usuarios dun autocar da obrigaón de usar os cintos de seguridade?

- a) O condutor.
- b) O guía.
- c) A persoa encargada do grupo.
- d) Calquera dos anteriores.

22. En que categoría encádranse os vehículos con máis de nove prazas que non superan as 5 toneladas de MMA?

- a) M1.
- b) N1.
- c) M2.
- d) N2.

23. A superficie da zona especial habilitada nun autobús para os usuarios de cadeira de rodas será:

- a) antiescorregadizo.
- b) de cores vivas.
- c) rugosa.
- d) suave.

24. As portas de acceso para usuarios de cadeira de rodas das que dispoña un autobús estarán equipadas con:

- a) elevador.
- b) rampla.
- c) escaleira mecánica.
- d) As respostas A e B son correctas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

25. Nos autocares de servizos regulares interurbanos de uso xeral:

- a) permitirase en todo caso o acceso gratuíto de cans guía.
- b) permitirase o acceso de cans guía, percibindo un suplemento do 5% sobre o importe do billete normal.
- c) permitirase o acceso gratuíto de cans guía, sempre que non se opoña ningún dos viaxeiros.
- d) permitirase o acceso de cans guía, sempre que non se opoña ningún dos viaxeiros, percibindo un suplemento do 5% sobre o importe do billete normal.

26. Como se pode definir a velocidade máxima?

- a) Velocidade non adaptada ás condicións climatolóxicas ou ás circunstancias da vía.
- b) Velocidade que nos permite unha ampla garantía de estar en condicións de dominar o vehículo ante calquera obstáculo.
- c) Límite superior de velocidade permitido para a vía pola que circulamos.
- d) Límite inferior de velocidade permitido para a vía pola que circulamos.

27. Polo xeral, que factor, entre outros, hai que ter en conta para subir unha marcha?

- a) Que a agulla do contarrevolucións se atope na parte alta da zona verde do contarrevolucións.
- b) Que as revolucións do motor estean por encima de 3000 r.p.m.
- c) Que a velocidade do vehículo sexa superior ao 60 km/h.
- d) Que as revolucións do motor estean por encima de 3500 r.p.m.

28. Un axente co brazo estendido movéndoo alternativamente de arriba abaixo, que indica?

- a) A obrigação de deterse aos usuarios da vía que se acheguen ao axente.
- b) A obrigação de diminuír a velocidade do seu vehículo aos condutores que se acheguen ao axente.
- c) A obrigação de renovar a marcha.
- d) A obrigação de acelerar.

29. En caso de néboa intensa, cales son as principais medidas que deben tomarse?

- a) Conectar a iluminación de cruzamento e o antinéboa.
- b) Reducir a velocidade e aumentar a distancia de seguridade.
- c) Accionar o limpiaparabrisas de cando en vez.
- d) Todas as respostas anteriores son verdadeiras.

30. Sinale a afirmación correcta.

- a) A banda de rodamento do pneumático son os costados laterais.
- b) Os talóns do pneumático é a unión da cuberta á lamia.
- c) Os flancos do pneumático fan posible a necesaria adherencia para facilitar o agarre.
- d) Os ombreiros do pneumático son os extremos laterais dos talóns.

31. Se a presión do inflado do pneumático é superior á recomendada, os elementos da suspensión...

- a) bloquéanse.
- b) sofren unha menor deterioración.
- c) non quedan afectados en ningún caso.
- d) sofren unha maior deterioración.

32. Son equipos de protección individual da cabeza...

- a) os manguitos e mangos.
- b) as xeonlleiras.
- c) os cascos de protección contra choques e impactos.
- d) os chalecos termógenos.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

33. Unha presión de 2 bares por baixo da presión fixada polo fabricante do pneumático:

- a) supón un aforro de combustible de aproximadamente un 5%.
- b) incide nun consumo extra de combustible de aproximadamente un 7%.
- c) incide nun consumo extra de combustible de aproximadamente un 2%.
- d) non inflúe no consumo de carburante.

34. Un condutor alérxico baixo os efectos de antihistamínicos, que pode experimentar?

- a) Aumento da capacidade de atención.
- b) Aumento na coordinación.
- c) Somnolencia.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

35. Das seguintes respostas, sinala a que non estea relacionada coa Ergonomía:

- a) Espazo e medios de traballo.
- b) Posturas.
- c) Movementos.
- d) Ganancias monetarias.

36. A aplicación dos coñecementos ergonómicos ao ámbito do traballo é fundamental para:

- a) a eliminación de riscos físicos.
- b) mellorar as ganancias económicas.
- c) utilizar as ferramentas con mestría.
- d) nada.

37. De arriba cara abaixo, cales son as pezas dun motor colocado en posición vertical?

- a) Cárter, bloque, culata, tapa de balancíns.
- b) Bloque, cárter, culata, tapa de balancíns.
- c) Tapa de balancíns, culata, bloque, cárter.
- d) Tapa de balancíns, bloque, cárter, culata.

38. Que pauta de actuación que debe seguirse en caso de incendio dun vehículo non é correcta?

- a) Recoller o extintor e seguir o protocolo da extinción.
- b) A comunicación aos viaxeiros debe ser rápida, concisa e tentando non crear pánico nin angustia.
- c) Non deixar de velar pola seguridade dos viaxeiros impedindo que accedan ao vehículo, nin deixar de vixiar o mesmo.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

39. Que problema se orixina cando a presión do inflado dun pneumático é superior á recomendada?

- a) Diminúe a aceleración.
- b) Desgástase máis o centro da cuberta do pneumático.
- c) O pneumático sofre quecemento e deformacións, desgastándose máis, sobre todo nos bordos, e aumentando o risco de rebentón.
- d) O consumo de combustible aumenta considerablemente.

40. Que actuación non é unha medida preventiva que é necesario realizar co fin de evitar un incendio?

- a) Poñer os triángulos de preseñalización de perigo mentres esperamos a oportuna axuda.
- b) Revisar frecuentemente a presión dos pneumáticos.
- c) Revisar frecuentemente o estado dos pneumáticos.
- d) Revisar frecuentemente o estado dos freos.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

41. Que tipo de embrague está formado por unha bomba impulsora e unha turbina receptora?

- a) O embrague de fricción en seco.
- b) O embrague electromagnético.
- c) O embrague hidráulico.
- d) O embrague en baño de aceite.

42. Un dos extremos da árbore de transmisión atópase en contacto con...

- a) o grupo cónico.
- b) o diferencial.
- c) os palieres.
- d) o embrague.

43. O diferencial situado no eixo motor dun automóbil actúa...

- a) sempre.
- b) cando se circula en liña recta.
- c) cando se toma unha curva.
- d) cando o condutor acelera.

44. Nun automóbil de dous eixos, un motriz e o outro directriz, os palieres da transmisión atópanse situados...

- a) nas rodas motrices.
- b) nas rodas directrices.
- c) nas rodas motrices e directrices.
- d) na caixa de velocidades.

45. Debe comprobarse con frecuencia o nivel do aceite do sistema de lubricación?

- a) Si, frecuentemente.
- b) Si, polo menos unha vez ao ano.
- c) Non, se o aceite utilizado é sintético.
- d) Non, se o aceite utilizado é mineral.

46. Nun motor de combustión, a relación de compresión é...

- a) a relación que hai entre o volume total que ocupa o aire no cilindro antes de ser comprimido e o volume que ocupa unha vez comprimido.
- b) a distancia en milímetros entre o punto morto superior e o punto morto inferior do pistón.
- c) o diámetro interior do cilindro expresado en milímetros.
- d) o volume do cilindro entre o punto morto superior e o punto morto inferior.

47. Que é o par motor?

- a) É o esforzo que transmite o pistón sobre o cigüeñal.
- b) É a velocidade de movemento do pistón.
- c) É o tempo que tarda o pistón en percorrer a distancia que hai entre o punto morto superior e o punto morto inferior.
- d) É o tempo que tarda o pistón en realizar dúas carreiras.

48. Que é o que limita o número de revolucións dun motor de combustión?

- a) A posición do pedal do acelerador.
- b) O corte de inxección.
- c) O regulador de ralentí.
- d) O regulador da bomba de alimentación.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

49. O sistema de alimentación dun motor de combustión ten como función...

- a) lubricar as pezas móbiles do motor.
- b) evacuar parte de calor producida no motor.
- c) introducir aire e carburante no interior do cilindro.
- d) controlar o momento de apertura e peche das válvulas.

50. Un dos extremos da árbore de transmisión atópase en contacto con...

- a) a caixa de cambios.
- b) o embrague.
- c) os palieres.
- d) as rodas motrices.

51. Cando se debe asinar o certificado de actividades do condutor?

- a) Antes da viaxe.
- b) Despois da viaxe.
- c) En calquera momento, sempre que sexa antes de que o reclame a Inspección de Transporte.
- d) Durante a viaxe, no momento dunha inspección na estrada.

52. Cal dos seguintes estilos de condución é inadecuado para o aforro de carburante?

- a) Utilizar o freo do motor en lugar dos freos convencionais.
- b) Actuar sabendo que o vehículo consome máis a baixas revolucións.
- c) Ao arrincar, esperar uns instantes antes de iniciar a marcha se o seu vehículo é diésel.
- d) Actuar sabendo que o vehículo consome menos nas marchas longas.

53. Cal é o grupo de maior risco na cidade?

- a) Os condutores.
- b) Os ciclistas.
- c) Os peóns.
- d) Todos por igual.

54. Que tipo de esforzo inflúe máis negativamente na manipulación de cargas?

- a) Esforzos realizados con tempo de recuperación.
- b) Non ter que cambiar o punto de agarre da carga.
- c) Esforzos pouco frecuentes.
- d) Inclinar o corpo en posición inestable durante un longo tempo.

55. Para pasar a marchas máis curtas, é recomendable saltar de marchas, por exemplo, pasar de oitava a sexta?

- a) Si, en pendentes descendentes para que diminúa a acción do freo motor.
- b) Só se se trata de vehículos lixeiros.
- c) Non, nunca.
- d) Si, en determinadas circunstancias.

56. Cando se fala de ralentizadores está a facerse referencia...

- a) a un tipo de freo de disco.
- b) a un mecanismo que regula o ralentí do motor.
- c) a un tipo de sistema antibloqueo de freos.
- d) ao freo eléctrico, por exemplo.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

57. En que consisten as habilidades motoras?

- a) O tempo que se tarda en frear.
- b) A axilidade da resposta.
- c) Permiten ao condutor manter o control sobre a traxectoria e velocidade do vehículo.
- d) A distancia de freada do vehículo.

58. Que consecuencias pode ter no verán un aumento da transpiración e deshidratación?

- a) Diminución da fatiga muscular.
- b) Aumento do estado de vixilia.
- c) Incremento da fatiga muscular.
- d) Diminución da ansiedade.

59. Utilizar unha tarxeta de condutor obtida con documentos falsos, que tipo de infracción se considera?

- a) Falseamiento de documentos.
- b) Manipulación.
- c) Violación da seguridade.
- d) Carencia de tarxeta.

60. A quen corresponde a responsabilidade das infraccións cometidas por manipulación dos elementos do tacógrafo?

- a) Ás persoas que realizan a manipulación ou colaboran nela e ao transportista que as utiliza.
- b) Só ao transportista.
- c) Só ao condutor.
- d) Só ao que realiza a manipulación.

61. Cando a presión de inflado dos pneumáticos dun automóbil é superior á recomendada...

- a) aumentará a adherencia.
- b) contribuirá en maior medida á deterioración dos órganos de suspensión do vehículo.
- c) desgastaranse máis e máis rápido polos bordos ou flancos.
- d) diminuirá a rixidez lateral.

62. Os freos de tambor constan dunhas zapatas que, ao abrirse, frotan con:

- a) os tambores das rodas.
- b) a árbore de transmisión.
- c) os discos das lamias.
- d) o eixo do diferencial.

63. Se o vehículo que conduce está dotado dun sistema de freado ABS, como actúa durante unha freada?

- a) Detendo inmediatamente o vehículo, incluído estando a vía mollada.
- b) Detendo inmediatamente o vehículo, incluído estando a vía con neve.
- c) Evitando o bloqueo das rodas, unicamente se a vía por onde se circula está mollada.
- d) Evitando que as rodas se bloqueen, calquera que sexa o estado da vía.

64. Que pneumático é máis fácil que rebente ao circular con el porque xera máis calor?

- a) O que ten cámara.
- b) O que non ten cámara.
- c) O que ten os flancos reforzados.
- d) O que circula cunha presión de inflado por baixo do recomendado polo fabricante.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

65. Que factor non inflúe no consumo de carburante dun automóbil?

- a) O mantemento do vehículo.
- b) A capacidade da batería.
- c) O perfil da estrada.
- d) O número de revolucións por minuto do motor.

66. Utilizar un aceite de alta calidade para lubricar un motor de combustión, ten influencia no consumo de carburante?

- a) Si, aumentando o consumo ao ser un aceite de alta densidade.
- b) Si, aumentando o consumo ao ser un aceite de alta viscosidade.
- c) Si, diminuindo o consumo xa que se reduce o rozamento das pezas diminuindo as perdas de potencia.
- d) Non, só inflúe no desgaste das pezas.

67. Que característica non inflúe á hora de determinar no contarrevolucións dun automóbil a zona de menor consumo?

- a) O consumo específico.
- b) A potencia.
- c) O tipo de freos que monte: disco ou tambor.
- d) O par motor máximo.

68. A desmultiplicación que ofrezca a caixa de velocidades, é un dato para ter en conta para seleccionar a relación de marchas máis adecuada?

- a) Si.
- b) Só se se trata dun vehículo lixeiro.
- c) Non.
- d) Só se se trata dun vehículo pesado.

69. O condutor dun vehículo aproxímase a unha glorieta polo que deixa de acelerar antes de chegar. Este comportamento, pode provocar deterioracións mecánicas?

- a) Si, no sistema de freado.
- b) Si, no sistema de escape.
- c) Si, no sistema de refrixeración.
- d) Non e, ademais, é conveniente porque aproveita a inercia do vehículo.

70. Se a calzada está mollada e se pisa fortemente o pedal do freo, o sistema antibloqueo de freos (ABS), evita o bloqueo da roda?

- a) Si.
- b) Non, porque só cumpre a súa función cando a calzada está seca.
- c) Só se os pneumáticos se atopan en bo estado.
- d) Só se os pneumáticos teñen a presión recomendada polo fabricante.

71. Para reducir o consumo de carburante dun automóbil, que é conveniente?

- a) Pisar o freo inmediatamente despois de deixar de acelerar.
- b) Reducir o número de revolucións do motor utilizando para iso unha relación de marchas adecuada.
- c) Utilizar unha relación de marchas curtas para aumentar a potencia.
- d) Dar aceleracións rápidas para alcanzar a velocidade adecuada no menor tempo posible.

72. A quen afecta a prohibición de arroxar, depositar ou abandonar obxectos sobre as vías públicas?

- a) Aos condutores e outros usuarios das vías públicas
- b) Tan só aos peóns
- c) Tan só aos condutores, como usuarios máis cualificados das vías públicas.
- d) Aos condutores e pasaxeiros dos vehículos, pero non aos peóns.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

73. Reducir a velocidade media de circulación, que vantaxes presenta?

- a) Non ter que comprobar o nivel do aceite motor xa que conducir desta maneira fai que o consumo de aceite sexa nulo.
- b) Menor consumo, contaminación ambiental e desgaste mecánico.
- c) Reducir o coeficiente aerodinámico do vehículo e prolongar a vida do motor.
- d) Reducir a frecuencia da inspección técnica periódica e aumentar os prazos de mantemento do vehículo.

74. Que causas poden producir a somnolencia esporádica ao conducir?

- a) Os trastornos do soño.
- b) As comidas lixeiras.
- c) A fatiga.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

75. O símbolo "Stop" marcado sobre a calzada, que indica?

- a) A obrigación de ceder o paso a outros vehículos.
- b) A obrigación de non superar a velocidade de 60 km/h.
- c) A obrigación do condutor de deter o seu vehículo ante unha próxima liña de detención.
- d) A obrigación do condutor de deter o seu vehículo dentro da intersección.

76. Que sinais están destinadas a poñer en coñecemento dos usuarios da vía regras especiais de prioridade nas interseccións?

- a) Os sinais de prohibición.
- b) Os sinais de prioridade.
- c) Os sinais de entrada.
- d) Os sinais de obrigación.

77. Os automóviles, excepto motocicletas e vehículos de tres rodas, cantas luces de longo alcance deben levar instaladas?

- a) Unha.
- b) Dúas diante e dúas detrás.
- c) Son opcionais.
- d) Un número par, en función das categorías e da regulamentación vixente.

78. Unha boa medida para reducir o consumo de carburante dun vehículo pesado é...

- a) manter a velocidade o máis constante posible.
- b) non utilizar a inercia do vehículo.
- c) frear inmediatamente despois de deixar de acelerar.
- d) levar o motor revolucionado.

79. No contarrevolucións dun vehículo pesado existe unha zona marcada, xeralmente, de cor verde, que indica?

- a) É a zona de menor potencia.
- b) É a zona de menor par motor.
- c) É a zona de menor forza.
- d) É a zona de menor consumo.

80. Que resistencia intervén no movemento dos vehículos?

- a) O movemento dos pistóns.
- b) O movemento do volante de inercia.
- c) O movemento dos eixos da caixa de velocidades.
- d) A resistencia á rodadura.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

81. Cal das seguintes afirmacións é correcta?

- a) A velocidade e o consumo non están relacionados.
- b) A velocidade e o consumo só están relacionados cando se trata de vehículos lixeiros.
- c) A maior velocidade maior consumo.
- d) A maior velocidade menor consumo.

82. Que inflúe no consumo de carburante dun vehículo pesado?

- a) O sistema de mando da distribución: por correa dentada ou por cadea.
- b) O mantemento do vehículo, a presión dos pneumáticos e o estado no que se atope o filtro do aire.
- c) O material do que estea construída a carrocería.
- d) O tipo de sistema de freado que se monte: hidráulico ou pneumático.

83. Conducindo un vehículo pesado e co motor funcionando á temperatura adecuada, o consumo de carburante depende, entre outros factores:

- a) da posición de condutor.
- b) da posición do pedal do acelerador.
- c) da octanaxe do gasóleo.
- d) da variación da relación de compresión segundo as revolucións do motor.

84. Ademais de reducir o consumo de carburante, realizar unha conducción económica presenta outras vantaxes. Sinalar a resposta correcta.

- a) Contamínase acusticamente menos.
- b) Permite aumentar os intervalos aconsellados polo fabricante do vehículo en canto ás revisións de mantemento.
- c) Prolónganse os prazos para pasar as inspeccións técnicas periódicas ITV.
- d) Evita ter que comprobar a presión de inflado das rodas.

85. Cal dos seguintes datos non queda rexistrado automática ou semiautomáticamente no tacógrafo analóxico?

- a) O tempo de conducción e descanso do condutor.
- b) A velocidade do vehículo.
- c) A matrícula do vehículo.
- d) A distancia percorrida polo vehículo.

86. As medidas preventivas básicas para previr a delincuencia e a inmigración clandestina serán asumidas...

- a) só polas autoridades policiais.
- b) polas empresas de transporte e os seus condutores.
- c) exclusivamente polo condutor do vehículo.
- d) só pola Administración pública.

87. Que infracción constitúe a manipulación dun tacógrafo dixital ou a alteración do seu funcionamento normal?

- a) Leve.
- b) Grave.
- c) Moi grave.
- d) Non constitúe infracción, posto que o tacógrafo dixital non se pode manipular.

88. Cando os espellos dun autobús están ben axustados, cantos metros deben poder verse detrás do vehículo?

- a) 40.
- b) 50.
- c) 60.
- d) 70.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

89. Dos seguintes medios de transporte por estrada, cal é o que se ve involucrado en menor número de accidentes?

- a) O autobús de liña regular.
- b) O autobús escolar.
- c) O vehículo de transporte de mercadorías de menos de 3500 Kg de MMA.
- d) O vehículo de transporte de mercadorías de máis de 3500 Kg de MMA.

90. Que comportamento é aconsellable para os condutores?

- a) O uso do vehículo para traballar co computador.
- b) O uso do vehículo como lugar de descanso.
- c) O uso do vehículo para encher papeis.
- d) A realización de exercicio físico fose do traballo de forma regular.

91. Os contratos de concesión de servizos públicos de transporte regular de uso xeral teñen unha duración estipulada ao celebrarse que non poderá ser superior a:

- a) 5 anos.
- b) 10 anos.
- c) 12 anos.
- d) 15 anos.

92. Unha placa na que se inscribirán a palabra AUXILIO na parte superior e a figura dun guindastre na inferior, que indica?

- a) Que o vehículo está avariado.
- b) Que os ocupantes do vehículo están a ser auxiliados.
- c) Que se trata dun guindastre en servizo de auxilio na estrada.
- d) Sinaliza o arrastre dun vehículo avariado ou accidentado.

93. Que anuncia aos condutores unha marca de bifurcación?

- a) Que se aproximan a unha zona da calzada con posible reaxuste do número total de carrís.
- b) Que se aproximan a un paso a nivel.
- c) Que se aproximan a unha intersección na que necesariamente ten que realizarse un reaxuste do número total de carrís.
- d) Que se aproximan a unha zona onde comeza un carril reservado para determinados vehículos.

94. Que tipo de control se debe realizar para un correcto funcionamento do sistema de lubricación?

- a) Do nivel do aceite co motor frío.
- b) Da densidade mediante un densímetro.
- c) Da viscosidade mediante unha ferramenta apropiada.
- d) Da capacidade para refrixerar o motor.

95. Cal dos seguintes elementos non pertence á cadea cinemática?

- a) O sistema de dirección do vehículo.
- b) A árbore de transmisión.
- c) Os palieres.
- d) A caixa de velocidades.

96. A deriva do pneumático dun autobús depende:

- a) da distancia de aceleración.
- b) do perfil do pneumático.
- c) da forza de molaridade.
- d) do coeficiente aerodinámico.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-11-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Viaxeiros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

97. O empuxe que o aire exerce sobre o autobús en movemento repercute sobre:

- a) o embrague.
- b) a forza termodinámica.
- c) o consumo.
- d) a forza de solubilidade térmica.

98. Cal é a forza máis coñecida das que interveñen nun autobús?

- a) A forza de atracción terrestre ou gravidade.
- b) A forza de ingravidez.
- c) A forza atemporal.
- d) A resistencia motriz.

99. Para garantir que o autobús reaccione correctamente durante unha freada, que se terá en conta respecto a o seu centro de gravidade?

- a) Que o centro de gravidade estea o máis baixo posible.
- b) Que o centro de gravidade estea situado o máis á esquerda posible do vehículo.
- c) Que o centro de gravidade estea o máis alto posible.
- d) Que o centro de gravidade estea situado o máis á dereita posible do vehículo.

100. Os autobuses de clases I e II novos, adscritos a servizos urbanos e suburbanos de transporte regular de uso xeral:

- a) deberán estar adaptados para o transporte de polo menos un pasaxeiro en cadeira de rodas.
- b) deberán estar adaptados para o transporte de polo menos dous pasaxeiros en cadeira de rodas.
- c) deberán estar adaptados para o transporte de polo menos tres pasaxeiros en cadeira de rodas.
- d) deberán estar adaptados para o transporte de polo menos catro pasaxeiros en cadeira de rodas.

Preguntas de reserva (Só se corruxirán se o tribunal anula algunha das anteriores)

101. Como se denominan os transportes públicos regulares de viaxeiros por estrada destinados a servir a un grupo específico de usuarios tales como escolares, traballadores, militares, ou grupos homoxéneos similares?

- a) Discrecionais.
- b) Regulares de uso xeral.
- c) Regulares de uso especial.
- d) Regulares discrecionais.

102. Que actuación pode formar parte dun procedemento de evacuación dun vehículo de transporte?

- a) Decidir o mellor tipo de evacuación, se a evacuación debe ser pola porta dianteira, traseira, lateral ou unha combinación das portas.
- b) Curar aos feridos se estes o necesitasen.
- c) As respostas A e D son correctas.
- d) Asegurar o vehículo apagando o motor.

103. Reducir a velocidade media de circulación, que vantaxes presenta?

- a) Menor consumo, contaminación acústica e desgaste mecánico.
- b) Aumentar o coeficiente aerodinámico do vehículo e prolongar a vida do motor.
- c) Non ter que comprobar o nivel do líquido refrixerante xa que conducir desta maneira fai que o consumo de refrixerante sexa nulo.
- d) Aumentar a frecuencia da inspección técnica periódica e reducir os prazos de mantemento do vehículo.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Fecha: 03-11-2021 10:00 h

Examen: Viajeros Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

97. El empuje que el aire ejerce sobre el autobús en movimiento repercute sobre:

- a) el embrague.
- b) la fuerza termodinámica.
- c) el consumo.
- d) la fuerza de solubilidad térmica.

98. ¿Cuál es la fuerza más conocida de las que intervienen en un autobús?

- a) La fuerza de atracción terrestre o gravedad.
- b) La fuerza de ingravidez.
- c) La fuerza atemporal.
- d) La resistencia motriz.

99. Para garantizar que el autobús reaccione correctamente durante una frenada, ¿qué se tendrá en cuenta respecto a su centro de gravedad?

- a) Que el centro de gravedad esté lo más bajo posible.
- b) Que el centro de gravedad esté situado lo más a la izquierda posible del vehículo.
- c) Que el centro de gravedad esté lo más alto posible.
- d) Que el centro de gravedad esté situado lo más a la derecha posible del vehículo.

100. Los autobuses de clases I y II nuevos, adscritos a servicios urbanos y suburbanos de transporte regular de uso general:

- a) deberán estar adaptados para el transporte de al menos un pasajero en silla de ruedas.
- b) deberán estar adaptados para el transporte de al menos dos pasajeros en silla de ruedas.
- c) deberán estar adaptados para el transporte de al menos tres pasajeros en silla de ruedas.
- d) deberán estar adaptados para el transporte de al menos cuatro pasajeros en silla de ruedas.

Preguntas de reserva (Solo se corregirán si el tribunal anula alguna de las anteriores)

101. ¿Cómo se denominan los transportes públicos regulares de viajeros por carretera destinados a servir a un grupo específico de usuarios tales como escolares, trabajadores, militares, o grupos homogéneos similares?

- a) Discrecionales.
- b) Regulares de uso general.
- c) Regulares de uso especial.
- d) Regulares discrecionales.

102. ¿Qué actuación puede formar parte de un procedimiento de evacuación de un vehículo de transporte?

- a) Decidir el mejor tipo de evacuación, si la evacuación debe ser por la puerta delantera, trasera, lateral o una combinación de las puertas.
- b) Curar a los heridos si estos lo necesitaran.
- c) Las respuestas A y D son correctas.
- d) Asegurar el vehículo apagando el motor.

103. Reducir la velocidad media de circulación, ¿qué ventajas presenta?

- a) Menor consumo, contaminación acústica y desgaste mecánico.
- b) Aumentar el coeficiente aerodinámico del vehículo y prolongar la vida del motor.
- c) No tener que comprobar el nivel del líquido refrigerante ya que conducir de esta manera hace que el consumo de refrigerante sea nulo.
